



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2020/G003/002328

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. (Modificación plan anual normativo 2020)

A lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas establece no art. 132 a obrigatoriedade de establecer anualmente un Plan Normativo que conterá as iniciativas legais ou regulamentarias que se prevean aprobar para o ano seguinte. Unha vez aprobado o Plan deberase publicar no Portal de Transparencia do Concello de Sada.

Por resolución de alcaldía núm. 983/2020 do 7 de maio aprobouse o plan anual normativo.

Resulta necesario proceder, por unha banda, á modificación puntual de contido da Ordenanza fiscal número 31, reguladora da taxa por prestación de servizos da escola infantil municipal Flora Ramos Florita, publicada no BOP núm. 271 do 24.11.2004, no referido ás tarifas, que se recollen á baixa; e por outra banda, á modificación formal da denominación e adecuación da estrutura á Lei 9/2017, do 8 e novembro, de contratos do sector público introduce na normativa reguladora das facendas locais o concepto de prestación patrimonial de carácter público non tributario para aquelas que se esixan coactivamente pola prestación dun servizo xestionado de xeito indirecto.

En función das competencias atribuídas no art. 21.1.s) da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases do réxime local,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a modificación puntual do plan anual normativo 2020 do Concello de Sada, aprobado por resolución de alcaldía número 983/2020, do 7 de maio, e introducir como regulamento a modificar o Regulamento Orgánico Municipal.

Segundo.- Publicar a presente modificación xunto co Plan anual normativo 2020 do Concello de Sada no Portal de Transparencia do Concello de Sada.

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e a secretaria, María del Carmen Seoane Bouzas.